

Eleccións sindicais Navantia Ferrol 2019

Para mudar as cousas,
elixe



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO
Sección sindical unitaria en Navantia Ferrol

O 9 de xullo, os traballadores de Navantia temos a oportunidade de escoller a quen nos representa. A CGT presentámonos por primeira vez. ¿Por que? Porque as cousas non se están a facer ben. Nos últimos anos víronse actuacións do comité de empresa totalmente inaceptables: dende pasar dun compañeiro detido pola policía a causa dunha mobilización de toda a plantilla ou doutro despedido en aplicación do IV Convenio, ata convocar mobilizacións sen unha asemblea xeral previa ou impedir nalgunha que os traballadores puidesen votar, pasando por apoiar o IV Convenio e o I Convenio Único, ocultar a información ou actuar de rompedolgas na folga das compañías. A lista de aberracións sindicais é longa.

Esta actitude do comité non é casual. Os dirixentes sindicais cren que uns traballadores informados e participativos son un perigo porque poden facer abortar os acordos que alcanzan coa empresa entre bambalinas. Por iso no último convenio fixeron todo o posible para ocultar a información e impedir a participación. Os traballadores molestámoslles. Actuando con prepotencia, o comité busca desmoralizar, desanimar, desmobilizar, provocar pasividade.

Pero o futuro non está escrito. Se as persoas que hoxe estamos na CGT non chegamos a tomar a iniciativa de recoller sinaturas para obrigar ó comité a convocar unha asemblea xeral, o IV Convenio se tería asinado, e hoxe estaríamos no V, no VI ou no VII. E os mes-



mos que aceptaban aqueles recortes estarían pregoando arreo que era imposible manter o III Convenio, que non se pode facer nada, que os recortes son inevitables..., co fin de ocultar a súa responsabilidade directa na perda de dereitos.

A CGT está nas antípodas dese derrotismo. ¿Non se pode facer nada? Todo o contrario: hai moito que facer. *O sindicalismo de clase é incompatible coa resignación.* Tódolos dereitos dos que gozamos foron conquistados coa loita, que é onde reside a forza dos traballadores. O problema xurde cando os que teñen a

responsabilidade de organizar esa loita o que fan é colaborar coa empresa.

A CGT quere mudar todo isto, empezando por algo fundamental e que só depende dos

traballadores: que as decisións as tomemos entre todos, que a asemblea volva a ser a que decide. Xa nos coñeces. Sabes onde imos estar porque sabes onde estivemos Non queremos impoñer, senón *convencer*. Por iso sempre dicimos con claridade o que pensamos e aceptamos o que os traballadores decidimos.

Se non te resignas, se cres que hai que reaccionar, que temos que defender os nosos dereitos, que temos que loitar para mellorar as condicións laborais (as de todos: os que temos dereito a voto o día 9, os compañeiros da industria auxiliar e os futuros ingresos), se cres que hai que acabar coa subcontratación antes de que a subcontratación acabe con Navantia, se queres que esta empresa tamén lle proporcione unha vida digna ás futuras xeracións, se queres que en Navantia-Ferrol volva a haber un comité que defende ós traballadores, SE QUERES MUDAR AS COUSAS...

VOTA CGT

Propostas

- ✓ Por unha Navantia 100% pública. Nin privatización encuberta nin parasitismo de intereses privados.
- ✓ Contratación directa por Navantia dos traballadores necesarios.
- ✓ Saturación da carga de traballo.
- ✓ Supresión das prolongacións de xornada e conversión das mesmas en novos empregos.
- ✓ Creación de bolsas de traballo na industria auxiliar.
- ✓ Cumprimento estrito da lexislación laboral dentro do recinto.
- ✓ Iguales oportunidades para todos.
- ✓ Defensa firme dos dereitos conquistados.
- ✓ Non ó escurantismo. Transmisión á plantilla de toda a información.
- ✓ Rendición de contas pública das horas sindicais, dietas, etc.
- ✓ Recuperación das asembleas de tallo. Recuperación da asemblea xeral como marco para a toma de decisións.
- ✓ Negociacións a cargo do comité de empresa ou o comité intercentros. Non á usurpación das súas funcións polas federacións sindicais.



Se queres recibir as informacións, comentarnos ou preguntar algo, afiliarte..., fala cun militante do noso sindicato ou escríbenos ó noso correo:

cgt.fe@navantia.es

Colexio de Especialistas e Non Cualificados



1. Vicente Ferrer
Armadores



2. Carmen Sixto
Turbinas



3. Ramón Rey
Tubeiros



4. Ignacio Arbe
Soldadores



5. Mª Jesús Yáñez
Xestión da Produción



6. Juan Cortizas
Electricidade



7. Tomás D. Santano
Turbinas



8. Diego Costoya
Tubeiros



9. Francisco Naveiras
Xestión da Produción



10. Antonio L. Pita
Obras Cívicas



11. Pablo Bordello
Turbinas



12. Sergio V. Esplúguez
Tubeiros



13. Miguel Sixto
Turbinas

Colexio de Técnicos e Administrativos



1. Xaquín Gª Sinde
Informática



2. Javier Losada
Turbinas



3. Arturo Llago
Informática



4. Carlos Hermida
Oficina Técnica



5. Francisco Moreno
Enxeñaría ACV



6. Manuel Álvarez
IPP



7. Xurxo Cabarcos
Oficina Técnica



8. Juan Beceiro
Informática



9. Andrés Gª Barreiro
IPP



10. Ricardo Teijeiro
Oficina Técnica